

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 30 DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día trinta de setembro de dous mil dezaseis, presidida polo señor alcalde, D. Darío Antonio Piñeiro López, e coa asistencia dos concelleiros e concelleiras D. Pablo Rivera Capón, D^a. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D^a Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, D. José Manuel Neira Castro, D. Carlos Fernández Díaz, e D. Iago Bande Cortizo reuniuse o pleno do concello, para realizar a sesión ordinaria. Dá fe do acto a secretaria do Concello D^a Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar da seguinte

ORDE DO DÍA

Antes de comezar co exame e debate dos asuntos desta sesión pide a palabra o señor García Aldegunde para agradecer as mostras de cariño de todos os presentes tras o pasamento da súa nai.

1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores de 28/07/2016 e 29/08/2016.

Pola presidencia pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción das actas das sesións de referencia. Non producíndose ningún reparo nin alegación as actas son aprobadas por unanimidade de concelleiros asistentes.

2º.-Proposta de aprobación da ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Lánacara.

Deuse lectura á proposta epigrafada que é do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE LÁNCARA

Adquirida no mes de maio a ferramenta de xestión electrónica de expedientes da empresa AUTOLUCE, S.A.U. - a través do aplicativo “GESTIONA”, o que require unha configuración específica, polo que considerándose do máximo interese a creación da Sede Electrónica neste Municipio e a correspondente aprobación dunha Ordenanza municipal que a regule, co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns, completando o disposto nas Leis e Regulamentos vixentes.

Concello de Lánacara

Visto o proxecto de ordenanza redactado

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Crear a sede electrónica do Concello, dispoñible no enderezo URL <https://lancara.sedelectronica.es>, cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a este Concello de acordo co establecido no capítulo III da Ordenanza de Administración electrónica.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de Administración electrónica do concello de Lán cara, coa redacción que a continuación se recolle en 19 artigos, 7 Disposicións Adicionais, e 1 Disposición Final.

TERCEIRO.- Someter a devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”.

O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón, adianta que esta non será a última vez que se traten este tema da administración electrónica, que isto é un paso máis, pero que aínda queda a adaptación ás Leis 39 e 40 de 1 de outubro de 2015 que entran en vigor o día 2 de outubro de 2016.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á aprobación inicial da ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Lán cara.

3º.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación das actuacións administrativas automatizadas do Concello de Lán cara.

Deuse lectura á proposta epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa á aprobación das actuacións administrativas automatizadas do Concello de Lán cara

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos, prevé no seu artigo 39 que en caso de actuación automatizada deberá establecerse previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu

código fonte. Tamén, se indicará o órgano que debe ser considerado responsable a efectos de impugnación.

O artigo 18 do mesmo texto legal prevé, para a identificación e autenticación do exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, a posibilidade de utilizar selos electrónicos baseados en certificados electrónicos que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

Por outra banda, o artigo 19 do Real Decreto 1671/2009, de 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a mencionada Lei, determina que a creación dos selos electrónicos realizará mediante resolución do titular do organismo público competente, que se publicará na sede electrónica correspondente, regulando os datos que necesariamente deben figurar na resolución aprobatoria.

Procede en consecuencia dar cumprimento ó establecido no artigo 39 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, e de acordo co disposto no artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local e no uso das atribucións que me confiere o artigo 21.1 a) e s) da citada Lei 7/1985, de 2 de abril,

Polo exposto, proponse ó pleno

Primeira.- Aprobar as actuacións administrativas automatizadas do Concello de Lán cara

1. Expedición dos recibos acreditativos da recepción dos documentos presentados no Rexistro do Concello.

Descrición do procedemento: A recepción e a remisión de solicitudes dará lugar ós asentos correspondentes no Rexistro do Concello, utilizándose medios telemáticos seguros para a realización dos asentos e a recuperación dos datos de inscrición. O traslado ós interesados do recibo de presentación dos escritos que deban motivar anotación no Rexistro realizarase, sempre que resulte posible, na mesma sesión na que se realice a presentación, de forma tal que se garantan plenamente a autenticidade, a integridade e o non repudio pola Administración do contido dos formularios presentados así como dos documentos anexos ós mesmos, proporcionando ós cidadáns os elementos probatorios plenos do feito da presentación e do contido da documentación presentada, susceptibles de utilización posterior independente, sen o concurso da Administración ou do propio Rexistro.

O Rexistro Electrónico emitirá automaticamente polo mesmo medio un acuse ou recibo asinado electronicamente con selado de tempo pola secretaría do Concello de Lán cara, co seguinte contido:

- a) número ou código de rexistro individualizado.
- b) A data e hora de presentación.

c) A identidade do presentador ou destinatario e, no seu caso, do representado, mediante nome e apelidos, documento nacional de identidade, NIF, NIE, pasaporte ou equivalente.

d) Os datos introducidos no formulario de presentación.

e) No seu caso, a enumeración e denominación dos documentos adxuntos ó formulario de presentación ou documento presentado.

O recibo de presentación indicará que o mesmo non prexulga a admisión definitiva do escrito si concorrera algunha das causas de rexeitamento. O sistema de información que soporta o Rexistro Electrónico garantirá a constancia de cada asento de entrada que se practique e do seu contido.

2. Sinatura dos Documentos escaneados no Rexistro do Concello.

Descrición do procedemento: A recepción de documentos en formato papel no Rexistro de Entradas do Concello haberá de ser escaneada na medida do posible.

Mediante a funcionalidade de Gestiona de dixitalización desatendida, no proceso de incorporación do documento escaneado á anotación rexistral, incluírase o selo de órgano do Concello, para acreditar o orixe do documento escaneado en correlación ó orixinal en papel.

Segundo.- Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas serán os seguintes:

Para a definición das especificacións ou detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría.

Tercero.- Crear o seguinte selo electrónico, coas características seguintes:

1 "Selo electrónico do Concello de Lán cara".

a) A responsabilidade da súa utilización corresponderá ó órgano mencionado, cuxo titular é un funcionario de administración local con habilitación de carácter estatal.

b) As características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificado son:

1. Código único de identificación (Número de serie): 00 94 0b 6c f8 32 cb 17 60

2. Prestador de servizos de certificación que emite o certificado: AC CAMERFIRMA.

3. Identificación do selo electrónico: ES, CONCELLO DE LANCARA, selo electrónico, P2702600D

4. Comienzo e remate do periodo de validez do certificado: Dende martes, 28 de xuño de 2016 12:55:00; ata venres, 28 de xuño de 2019 12:55:00

5. Límites de uso do certificado: Asinar transacción, Asinar documento, Codificar claves, Codificar documento

6. Huella digital del certificado (Huella digital SHA1): 6f 8a 24 c9 96 95 e3 17 40 ea c2 61 64 68 da 35 24 af dd b7

c) A verificación da validez e comprobación da non revogación do certificado poderá realizarse a través de la web do prestador do servizo de certificación nos seguintes enderezos:

URI: <https://secure.camerfirma.com/consultas>

OCSP: <http://ocsp.camerfirma.com/>

d) A verificación da autenticidade do documento realizarase a través da sede electrónica do Concello

Cuarto.- Os selos electrónicos poderán ser utilizados nos seguintes procesos de tramitación automatizada:

1.- Expedición dos recibos acreditativos de entrada e saída dos documentos no Rexistro.

2.- Sinatura dos documentos escaneados no Rexistro.

Quinto.- O órgano responsable a efectos de impugnación será o alcalde.

Sexto.- A presente resolución publicarase no BOP de Lugo e na sede electrónica do Ayuntamiento de Lán cara”.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á aprobación das actuacións administrativas automatizadas do Concello de Lán cara.

4º.-Expediente de depuración de saldos por obrigas recoñecidas de exercicios pechados.

Deuse lectura á proposición de alcaldía de 26 de setembro que é do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á BAIXA DE OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO PROCEDENTE DE EXERCICIOS PECHADOS

Visto o expediente tramitado para a aprobación de baixas de Obrigas Recoñecidas de exercicios pechados, pendentes de pago, correspondentes ó período 2000 a 2014, visto o informe formulado pola Intervención desta Corporación municipal de data 26 de setembro, pola que se propón a aprobación do citado expediente por importe de 41.082,90 euros.

Propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente colectivo de Baixa de Obrigas Recoñecidas, pendentes de pago, procedentes de exercicios pechados, por importe 41.082,90 euros, correspondentes ós exercicios 2000 e 2014, ambos incluídos, sendo o desglose e detalle por suxeito pasivo e concepto, o que se expresa no ANEXO e listados que obran no expediente.

2º.- Que pola Intervención se proceda a dar de baixa nas contas as obrigas anuladas

3º.- Expoñer ó público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos; dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase á definitiva sen máis trámite”.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía de depuración de saldos por obrigas recoñecidas de exercicios pechados.

5º.-Expediente de depuración de saldos por dereitos recoñecidos de exercicios pechados.

Deuse lectura á proposición de alcaldía de 26 de setembro que é do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE BAIXA E DE ALTA DE DEREITOS RECOÑECIDOS PROCEDENTES DE EXERCICIOS PECHADOS

Visto o Informe-Proposta da Tesourería de aprobación do Expediente Colectivo de Baixas e Altas de Dereitos pendentes de cobro, número 1-2016, de data 26 de setembro, por un importe total de 116.023,21 euros; visto asimesmo o informe formulado pola Intervención desta Corporación municipal da mesma data, pola que se propón a aprobación do citado expediente por importe de 116.023,21 euros,

Visto o informe-proposta da Tesourería do Expediente de altas de Dereitos recoñecidos -pendentes de cobro número 1/2016 periodo 1995/2012, por un importe total de 92.769,02 euros, visto asimesmo o informe formulado pola Intervención desta Corporación municipal da mesma data, pola que se propón a aprobación do citado expediente por importe de 92.769,02 euros, (liquidacións + recibos)

Propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente colectivo de Baixa de Dereitos Recoñecidos pendentes de cobro, procedentes de exercicios pechados, por prescripción e outras causas, por importe de 116.023,21 euros, correspondentes ós exercicios 1995 a 2012, ambos incluídos, sendo o desglose e detalle por suxeito pasivo e concepto, o que se expresa no ANEXO e listados que obran no expediente.

2º. Que pola Intervención e Tesourería se proceda a dar de baixa nas contas contables e de recadación a débeda declarada prescrita ou anulada por outras causas.

3º Aprobar as altas en dereitos recoñecidos procedentes de exercicios pechados seguintes e que se relacionan no anexo que se xunta:

Por liquidacións: 21.000,14 euros

Por recibos: 71.768,88 euros.

Concello de Láncara

4º Expoñer ó público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos; dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase á definitiva sen máis trámite”.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía de depuración de saldos por dereitos recoñecidos de exercicios pechados.

6º.-Expediente de modificación de créditos n.º 12: concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O señor alcalde fai unha breve presentación dos motivos para a tramitación deste expediente de modificación de créditos número 12/2016 e terceiro que se tramita dos de competencia do Pleno do Concello, sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio no que se inclúen suplementos de créditos por un importe de 24.888,48 euros e créditos extraordinarios por importe de 53.000,00 euros, para facer fronte ás necesidades de financiamento a cargo da Corporación relativas a servizos que se especifican na Memoria da Alcaldía que encabeza o expediente. O dito expediente tramitouse en virtude da memoria da Alcaldía, do día 26 de setembro de 2013 e do decreto ditado como consecuencia desta.

Na presentación do expediente polo Sr. Alcalde-presidente faise un resumo xeral das necesidades orzamentarias que motivan esta modificación sinalando que o Concello ten que afrontar esta modificación mediante a baixa por anulación da partida adicada á Ruta de Sendeirismo. As partidas de gastos que se dotan con este expediente obedecen a necesidades que é preciso atender urxentemente, como adquirir unha desbrozadora e as achegas a proxectos subvencionados que requiren aportación municipal, isto non quere dicir que renunciemos á Ruta de Sendeirismo, pero pode esperar.

Aberto o debate podúcense as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Creo que debes explicar a que se adican as partidas de 4.000 e 5.000 euros, pois son moi xenéricas”

Do señor alcalde: “4.000 euros son para o rali e os 5.000 para complementar as actividades culturais que aínda quedan, magosto e nadal”.

Do concelleiro do BNG integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: “Estamos encantados de renunciar a un investimento que foi

proposto polo BNG para comprar unha desbrozadora en setembro. Sobre todo porque ese investimento foi consensuado para apoiar os orzamentos. E non a executaron por mala xestión. Saiban que esta renuncia é para este ano, non para o que ven”

Do concelleiro de CxG integrante do grupo mixto, señor Fernández Díaz: “Alégrome que comprendes a desbrozadora, xa que foi unha promesa que fixestes, pero puidéchelo facer ntes, co que levades gastado en arreglos da vella. As pistas todo o mundo ve como están.ó mellor non había por qué renunciar a ningún proxecto. Voume abster”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “O ano pasado a estas alturas xa sabíades como estaba a desbrozadora. Todo o que se propón nesta modificación fará falta, pero hai cousas que xa tiñades que prever. Na posta en valor do Camiño Real fíxose algo?”

Do señor alcalde: “Esa modificación xa foi a pleno, parece mentira que seas concelleiro. A desbrozadora non é unha necesidade nova, cando entrei de alcalde estaba tirada, sacamos o crédito da ruta de sendeirismo porque está disponible, se queredes sacamos o crédito dos servizos sociais, dos soldos dos empregados, ... eu non marchou con nada para a casa”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Cando fixestedes o presuposto para 2016 a desbrozadora xa era unha necesidade”.

Do concelleiro de CxG integrante do grupo mixto, señor Fernández Díaz: “Como te atreves a dicir que a desbrozadora estaba tirada?”

Do concelleiro de BNG integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: “Dices que se tira da partida da Ruta de sendeirismo porque está disponible, pero é porque non se fixeron as xestións para executala, por qué non se dotou a desbrozadora no pleno de xullo?”.

Do concelleiro de CxG integrante do grupo mixto, señor Fernández Díaz: “Como é que había remanente cando entraches de alcalde e agora non hai cartos?”

Do señor alcalde: “Unha cousa é o remanente e outra e que se poida empregar. Temos remanente e liquidez”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Nós o que criticamos é que non o presupostarades antes. Parece que vamos desbrozar no nadal”.

Do señor alcalde: “En abril funcionaba a desbrozadora, por qué apoiastedes o presuposto?”

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Xa dixemos daquela que era un voto de confianza. Imos apoiar esta modificación tamén, pero non nos podes pedir que non fagamos crítica.”

Do señor alcalde: "O único coche que se mercou foi sendo eu alcalde".

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Coche que usas de forma particular".

Pide a palabra a concelleira do grupo municipal popular, señora Núñez Valcárcel, para pedir que conste en acta que quere que a Rta de Sendeirismo se dote no presuposto de 2017.

Do señor alcalde: "Para executar a Ruta de Sendeirismo estivemos esperando a ver que pasaba coa vía do tren; falei con algúns propietarios e non ceden os terreos".

Pide a palabra o concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández para dicir que é fácil propoñer esta modificación cando antes se perderon 17.000 euros de subvención para facer unha ruta de sendeirismo.

Do señor alcalde: "Cres que podemos pasar por fincas particulares?, non había os permisos para facela"

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas e popular e do concelleiro do BNG e unha abstención do concelleiro de CxG, en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de modificación de créditos referida, debendo ser aplicadas as devanditas cantidades ás partidas que se refliten na memoria que motivou o expediente, e que se expresan a continuación:

Créditos extraordinarios (Partidas non dotadas no Presuposto)

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
163.227	Limpeza vías públicas	15.000,00
241.131.04	Salario APROL RURAL	4.000,00
241.160.04	SS APROL RURAL	1.500,00
341.480	Promoción do deporte	4.000,00
172.623	Investimento asociado ó fto. operativo servizos	28.500,00
	TOTAL GASTOS	53.000,00

Suplementos de crédito (Partidas dotadas insuficientemente).

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
165 639	Mellora alumado público	13.888,48
334 226	Promoción cultural	5.000
920 226	Administración xeral	6.000,00
	TOTAL GASTOS	24.888,48

Financiación:

a/ Con cargo o remante líquido de Tesourería:

	EUROS
Remanente líquido de Tesorería, o comenza-lo exercicio	953.167,68
Disposto por Expediente	
Disposto por Expediente nº 1/2016	7.525,48
Disposto por Expediente nº 03/2016	55.616,30
Disposto por Expediente nº 9/2016	16.380,66
Remanente dispoñible nesta data	873.645,24
Cantidade que se precisa empregar nesta data	57.888,48
Diferencia: cantidade de Remanente sobran te	815.756,76

b/ Con cargo a baixas por anulación total ou parcial doutras partidas do estado de Gastos do Orzamento en vigor

Partida orzamenta ria	Consignación antes deste expediente	Consignación a anular ou minorar	Consignación que queda	EXPLICACIÓN DA BAIXA
	Euros	Euros	Euros	
170.619.03	20.000,00	20.000,00		Ruta sendeirismo
Total baixas por ou anulación ou minoracións		20.000,00		

Coas modificacións propostas, o resumo POR CAPÍTULOS do Estado de Gastos do Presuposto quedaría como segue:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo I	Gastos de Persoal	821.041,72
Capítulo II	Gtos. Bens Correntes e Serv.	770.446,91
Capítulo III	Gastos Financeiros.	5.000,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	7.000,00
Capítulo VI	Investimentos Reais.	439.069,65
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	8.299,00
Capítulo VIII	Pasivos financeiros	81.077,83

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, coa inmediata exposición ó público, a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, sin máis trámite, debendo cumprirse, a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

7º.- Proposta de alcaldía de modificación de bases de execución do presuposto de 2016

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe de 27 de setembro:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA BASE 19ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL

A base 19ª das Bases de execución do presuposto para 2016 dispoñía que non se dotaban subvencións nominativas por telas prohibidas no Plan de Axuste.

Rematada a dita prohibición po cancelación do plan de Pago a Proveedores procede darlle outra redacción que é a que se propón, incluíndo dúas subvencións nomitativas no orzamento municipal de 2016

“Base 19ª.- Subvencións nominativas

As subvencións serán concedidas previa solicitude dos interesados; para a determinación da condición de beneficiario estarase ao que dispón o artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, admitíndose tal condición das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, a ún carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo proxectos, actividades ou comportamentos ou que se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, previo cumprimento do requirido no artigo 11.3 parágrafo segundo da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

A documentación a presentar xunto coa solicitude, a documentación xustificativa da subvención, os requisitos para adquirir de condición de beneficiario e outras cuestións que se plantexen no proceso de concesión e xustificación da subvención serán resoltas por aplicación dos preceptos da Lei 38/2003 e o que dispoña a Ordenanza Reguladora de concesión de subvencións do Concello de Lán cara.

De conformidade co previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios que a tales efectos se celebren de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003.

Para o exercicio de 2016, tramitaranse polo procedemento de concesión directa as subvencións que sexan solicitadas polas seguintes entidades, persoas físicas ou xurídicas que se citan a continuación, tendo como límite as cantidades que seguen, de conformidade coa consignación presupostaria da correspondente partida

Partida	Nome Asociación	Euros
341.480	Rali San Froilán	4000

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da base 19ª das bases de execución do vixente presuposto municipal consignando nominativamente as subvencións seguintes co seguinte importe:

Partida	Nome Asociación	Euros
341.480	Rali San Froilán	4000

Segundo: Exposición ao público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos, de conformidade con canto se dispón no artigo 169.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase a definitiva sen máis trámite”.

Ó non promoverse o debate, o pleno do Concello, por dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas e popular e do concelleiro do BNG e unha abstención do concelleiro de CxG, en votación ordinaria, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da base 19ª das bases de execución do vixente presuposto municipal consignando nominativamente as subvencións seguintes co seguinte importe:

Partida	Nome Asociación	Euros
341.480	Rali San Froilán	4000

Segundo: Exposición ao público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos, de conformidade con canto se dispón no artigo 169.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase a definitiva sen máis trámite.

8º.- Dar conta dos Convenios coa Deputación Provincial de Lugo

O señor alcalde da conta dos convenios de colaboración asinados coa Deputación Provincial de Lugo, en materia de emprego, no que se dota ó Concello de máis de corenta mil euros para persoal, en materia de aforro enerxético, en materia de servizo de axuda no fogar, para administración electrónica e accesos a núcleos e poboación e instalación da báscula.

O señor alcalde da a palabra á secretaria para dar a coñecer a sentenza do xulgado do contencioso administrativo logo do recurso plantexado polo concello, seguindo o criterio xurídico da secretaria contra a resolución de AGADER. O xulgado anulou a resolución recorrida por motivos de forma.

O pleno quedou enterado.

9º.- Asuntos de urxencia.

Non houbo.

10º.-Dar consta das resolución da alcaldía.

Deuse conta dos decretos desde o 1 de xullo de 2016, número 125 ata o 31 de agosto de 2016, co número 199.

O pleno tomou coñecemento.

11º.-Mocións.

11.1.- Moción da alcaldía sobre o transporte escolar.

Deuse lectura á moción que é do seguinte teor literal:

“DON DARIO ANTONIO PIÑEIRO LÓPEZ, alcalde presidente do Concello de Láncara-Lugo, propón o estudo da seguinte moción:

MOCIÓN TRANSPORTE ESCOLAR

MOTIVOS:

No lugar de Armada parroquia de Santalla de Lagos, ten a súa residencia a nena Selena Núñez Casas, que diariamente se despraza ó colexio de Sarria. Para iso debe recorrer sobre 700 m, ata o lugar de Santalla, onde ten a parada o transporte escolar, ocasionando graves prexuízos para a súa familia ó ter que acompañala ata a parada e ser totalmente de noite e coas inclemencias propias do inverno, xa que se trata dunha zona de montaña.

É necesario por parte desta Corporación defender a incorporación da xuventude ó medio rural

SOLICITO ó Pleno a aprobación da seguinte moción:

1º.-Pedir á Consellería de Educación que o transporte escolar recolla a nena na súa propia casa, tendo en conta que os accesos son bós e tendo sitio para xirar o autobús.

2º.-Autorizar ó Sr. Alcalde para realizar tódalas xestións necesarias, tanto ante a Consellería como para realizar os investimentos necesarios para que poida tansitar o autobús sin ningún perigo, incluso poñer unha marquesina para esperar o autobús”.

O señor alcalde di que hai que defender o rural.

O señor concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro, di que pode haber casetas que se poidan usar para este fin.

O concelleiro de CxG integrante do grupo mixto, señor Fernández Díaz di que antes de poñer a caseta haberá que asegurarse de que van ir buscar a nena.

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (11), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción de alcaldía sobre o transporte escolar.

11.2.- Moción do BNG sobre a instalación da traída de auga en Piñeiroá.

O señor Bande Cortizo da lectura á moción que se transcribe:

“MOCIÓN sobre a INSTALACIÓN da TRAIIDA de AUGA en PIÑEIROÁ

EXPOSICION DE MOTIVOS.-

O abastecemento de auga nos nucleos rurais é un dos servizos esenciais, tanto para os veciños como para as explotacións gandeiras.

O caso de Piñeiroá, en Cedrón, é un dos máis claros e máis sinxelos de solventar. O manantial, dunha altísima calidade, sitúase a escasos 60 metros do núcleo, e a densidade do núcleo fai que con poucos metros de canalización se dea servizo a tódolos veciños.



Polo exposto, o BNG de Lán cara somete á consideración do pleno o seguinte **ACORDO**

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a mellara do abastecemento da auga en Piñeiroá, a traves de novas infraestructuras para o seu suministro e almacenamento”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “Hai dous anos que pediron unha subvención á Deputación, e a perderon por non recoller unha carta certificada. Ademais, se a auga a pon o Concello ten que poñer contadores.”

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “E iso é un problema?”

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Pódese prestar apoio para cubrir a documentación?, pódese poñer como domicilio a efectos de notificacións o Concello?”

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Podes darlle unha subvención, agora non tes plan de axuste”.

Do señor alcalde: "Si podemos, pero é un problema de capacidade de xestión. Suxerides que non axudo ós veciños?"

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (11), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do BNG sobre a instalación da traída de auga en Piñeiroá.

11.3.- Moción do voceiro do grupo municipal popular sobre estudo da posibilidade de instalar sistemas de redución da velocidade dos vehículos nas rúas principais da Puebla.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, da lectura á moción que se transcribe:

"ESTUDO DA POSIBILIDADE DE INSTALAR SISTEMAS DE REDUCIÓN DA VELOCIDADE DOS VEHÍCULOS NAS RÚAS PRINCIPAIS DA PUEBLA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

A inadecuada velocidade no paso dalgún vehículo polas rúas pode ser motivo de accidentes, e tamén de molestos ruidos polas noites. Existen distintos sistemas para obrigar a rebaixar a velocidade: señais (verticais / horizontais), semáforos, bandas rugosas no chan, pasos peatonais elevados ... Cada un destes sistemas ten os seus pros e as súas contras, pero parecen necesarios dende o punto de vista da seguridade .

Polo exposto, propoñemos ao Pleno o seguinte ACORDO

Que o goberno local, contando con algún informe de Seguridade Vial, estude o sistema máis axeitado, así como a ubicación no seu caso".

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "A min particularmente non me gustan todos os sistemas, pero propoñemos que se estude polos técnicos".

Do señor alcalde: "Xa temos algún estudo técnico; as bandas rugosas sabemos que fan ruído"

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "Estamos a favor de que se faga un estudo, moitos vehículos pasan a moita velocidade. Os técnicos saben moito pero hai que falar cos veciños, por exemplo cambiaron o sentido da circulación na rúa da estación cando as entradas dos garaxes non o permiten, a saída do supermercado é casi cega".

Do señor alcalde: "Estanse estudando eses problemas. O punto cego vaise solucionar con bolardos, a a dirección única da estación informáronna os técnicos".

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "Pero vaise quitar espazo para carga e descarga. Nos casos que fas caso ós técnicos non acertas, non che nego a vontade".

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (11), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do grupo municipal popular sobre estudo da posibilidade de instalar sistemas de redución da velocidade dos vehículos nas rúas principais da Puebla.

12º.-Rogos e preguntas

Rogos:

1.- "ROGO do BNG sobre a PUBLICIDADE das AXUDAS concedidas polo CONCELLO ás Comisións de festas.

EXPOSICION DE MOTIVOS.-

As festas patronais son parte básica da nosa cultura e tradición, motivo de xuntanza durante unhas datas sinaladas para familia, veciños e amigos. É por iso que é necesaria a súa celebración e dende o concello se debe axudar, na medida do posible, para a súa consecución. Por outra parte, vivimos nun entorno de crise económica, no que o sector público ten moitas necesidades que atender e poucos recursos cos que facer fronte. Arranxar as pistas, o desbroce dos camiños, a atención social e as actividades dos máis novos e dos nosos maiores debe ser parte fundamental.

Por esta razón é necesario que os veciños de Lán cara sexan coñecedores do gasto anual que adica o Concello para as festas, porque so desta maneira poderán analizar si este custe é asumible vendo a situación actual das parroquias e da vila.

Polo exposto, o BNG solicita se teña en consideración este rogo presentado e no derradeiro pleno do ano se fagan públicas tanto no taboleiro de anuncios como na paxina web as axudas concedidas por parte do Concello ás diferentes comisións de festas ou asociacións de veciños".

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: "Ti como concelleiro sabes todo o que se fai"

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "Parece que o rogo non está claro, é tan difícil a final de ano publicar un listado das axudas concedidas?, é transparencia".

O señor alcalde dille que parece suxerir que queren ocultar algo e comeza a dar as cifras das distintas festas da tenreira dos anos 2014, 2015 e 2016, da festa dos avós, da festa da xuventude.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo dille que el se refire ás asociacións culturais e ós veciños, que non pregunta polas que organiza o concello.

Intervén o voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón, fai a proposta de que no presuposto de 2017 se dote unha partida e que se reparta entre todas as parroquias en función do nº de habitantes.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz, di que para facer isto hai partida e para unha desbrozadora hai que facer unha

modificación de créditos. A proposta das festas puidéstela facer antes.

O señor alcalde di que parece que os acusan de ocultismo; que e público todo, que se expoñen ó público as contas. E dille ó señor Fernández Díaz por que non dotou el para as festas cando era tenente alcalde.

A concelleira do grupo municipal popular, señora Núñez Valcárcel, pide que o reparto ás parroquias se faga igual excepto Puebla e Lán cara.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "O meu rogo é que se publiquen as axudas ás asociacións e ós veciños".

O señor alcalde di que cando chegue o momento farase unha comisión para decidir o reparto.

O pleno tomou coñecemento.

2.- "Rogo do PSOE sobre a legalización do cadro de alumeado público na zona das moblerías, que nunca chegou a funcionar. É unha petición reiterada dos negocios desa zona".

O señor alcalde dille que estamos pendentes do contrato coa empresa subministradora.

O pleno tomou coñecemento.

Preguntas:

1.- O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz, pregunta:

Quen manou ás empresas que veñen de fora botar gravilla diante da antiga casa consistorial, e deixar as máquinas o día que hai un percorrido de maquinaria antiga organizado por unha asociación? Ademáis non viñeches comer.

O señor alcalde di que a empresa é de fora do concello porque aquí non había empresas de alquitranado, eu procuro que accedan ás obras as empresas do concello, outros fan a cas con empresas de fora.

O señor Cubillas Álvarez pide que conste en acata que se quere dicir polo alcalde con esa afirmación.

Continúa o señor alcalde dicindo que o director de obra tiña que darse conta desas circunstancias xa que é o organizador da marcha de maquinaria antiga. Eu non fun comer pero foi o primeiro tenente alcalde.

2.- O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo formula as seguintes preguntas:

2.1- Sobre o TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA

Cómo están as xestións para incorporar a Lán cara a Área de Transporte Metropolitano de Lugo?, Fíxose o estudo aproximado do custo da entrada do concello na área, tal como se aprobou no pleno do 24/09/2015 a petición do Grupo Popular?

2.2.- Sobre o PLAN DE DESBROCE

Estamos rematando a campaña de desbroce e vemos que por segundo ano a problemática está en boca de moitos veciños.

Cal é a planificación que fai o concello para estes traballos?

Contémplase a convocatoria dunha comisión para analizar a posibilidade da compra de maquinaria para paliar os problemas que están a padecer os veciños? Esta comisión está avalada por un acordo plenario do 24/09/2015 sobre a creación dun parque de maquinaria no Concello.

2.3.- Sobre as REDES SOCIAIS DO CONCELLO

Cal é o obxectivo da páxina oficial do Concello na rede social Facebook? Informar? Publicitar? Preguntámolo porque dende hai tempo parece que o obxectivo ou a finalidade desta ferramenta é totalmente partidista, atacando a oposición e respondendo con soberbia e prepotencia os comentarios críticos dos veciños. Segundo a definición, Concello é a corporación formada polo alcalde e os concelleiros, polo que pouco sentido ten que a páxina do Concello se dedique a criticar os seus propios integrantes. Quen é o responsable último das publicacións que se fan na páxina?

O señor alcalde contesta que existen dúas brigadas para o desbroce manual, hai un plan de actuación. O desbroce mecanizado segue a ruta das festas. Segundo o traballador desbrozar o concello leva catro meses.

O voceiro do grupo municipal socialista da resposta á pregunta sobre o Plan de Transporte Metropolitano, e da conta da solicitude de adhesión formulada polo concello, pero que os trámites son largos.

A concelleira do grupo municipal socialista, señora López Magdalena, contesta á pregunta sobre as redes sociais do concello. Di que é unha páxina oficial, de información ós veciños, con máis de mil seguidores. Atendémola o primeiro tenente alcalde, o concelleiro de deportes e eu mesma. Gustaríame que se puxera un exemplo de prepotencia.

O señor Bande Cortizo pon os exemplos de publicacións dos días 15 e 20 de setembro, que non son nin publicidade nin información.

A concelleira do grupo municipal socialista, señora López Magdalena, di que iso é aclaración dunha información (sobre un sinal sobre pista sen desbrozar).

Intervén no debate o voceiro do grupo municipal popular para preguntar si está segura.

A señora López Magdalena di que a estrada da información ese día estaba desbrozada. Por que se envía á prensa unha foto errónea?

O voceiro do grupo municipal popular dille que están equivocados, que espera que non haxa mala intención. Temos un acta notarial que di que a foto da estrada sen limpar é do día 19 de setembro.

A señora López Magdalena di que o día 21 estaba desbrozada sen ir por alí, como é posible?

O voceiro do grupo municipal popular pide que se incorpore á acta da sesión unha copia da acta notarial que da fe que a foto da noticia sobre a que se debate é do día 19.

Ábrese un amplo debate sobre a cuestión, quedando claro que a acta notarial da fe de que a fotografía do lugar sen desbrozar foi quitada o día 19 de setembro co teléfono móbil do señor Cubillas, pero que o notario non se persoou no lugar.

A señora López Magdalena conclúe que o concelleiro do BNG trae as preguntas, e que o voceiro do grupo popular trae as probas, está claro que traballan a medias.

O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón, pide que o señor alcalde inicie un expediente para aclarar o asunto da foto en cuestión.

2.4.- O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo pregunta de forma oral como é posible que o bando da excursión da Terceira Idade chegue o día anterior ós pedáneos?

O señor alcalde dille que pasa a menudo, correos funciona mal.

O señor Bande Cortizo di que se pode chamar.

3.- O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez pregunta si as portas do colexio se poden abrir os fines de semana e fora do horario escolar:

O señor alcalde di que o colexio ten unha dirección e un conserxe que ten que abrir e pechar as portas. Xa o falei co director.

E non sendo outro o obxecto deste debate levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria da Corporación redacto a presente acta, dou fe.